



1. Xeral

O calendario oficial das competicións galegas poderase consultar na web no enderezo:

<https://gaelicogalego.gal/competicions/2025-26/liga-feminina/>
<https://gaelicogalego.gal/competicions/2025-26/liga-masculina/>

2. Competicións

1) Formatos

- Formato 9vs9 tanto masculino coma feminino.
- Calendario dirixido para que os equipos que teñan feminino e masculino xoguen os máximos partidos posibles xuntos.
- **Liga masculina:** ida todos contra todos e logo divídiranse aos equipos en dous grupos para a volta:
 - Os 4 mellores equipos da primeira volta, xogan o torneo senior (partidos a dobre volta e con reseteo de puntos).
 - Os 5 equipos restantes, xogan o torneo shield (partidos a dobre volta con reseteo de puntos).
- **Liga feminina:** ida e volta todas contra todas.
- As normas de xogo, serán as establecidas nos regulamentos da GAA e LGFA respectivamente, na tempada 2025/26 se incorporan as adaptación das novas normas, xa compartidas cos clubs.
- Lémbrese a obrigabilidade da realización dos cambios de xogadores nas inmediacións da liña do medio do campo, entre o espazo comprendido entre as dúas liñas de 45 m e sempre na banda onde se sitúen os banquetos. No caso de non cumprirse esta regra, sancionárase ao equipo infractor cun tiro libre na liña de 20 metros para o equipo rival. O árbitro pode autorizar, en caso de lesión ou circunstancias excepcionais, que o cambio se produza por outro lugar do campo.

Convocatoria por equipos (pendente de revisión en asemblea):



Circular Competición 25/26

- O número mínimo e máximo de convocados por equipo para un partido de gaélico en Galicia:
 - Modalidade 11vs11: mínimo 7 futbolistas, máximo **18 futbolistas**
 - Modalidade 9vs9: mínimo 6 futbolistas, máximo **16 futbolistas**
 - Modalidade 7vs7: mínimo 5 futbolistas, máximo **12 futbolistas**

2) Adiamentos de partidos

A data máxima de comunicación de aprazamentos será os **xoves ás 23:59h**.

Calquera aprazamento a partir desa hora, considérase partido non presentado. Xs árbitrxs teñen dereito a organizar as súas fins de semana. Acórdase prantexar calquera dificultade para presentarse aos partidos antes de desta data para buscar unha solución o máis pronto posible.

Non é necesario presentar documentación acreditativa para xustificar o aprazamento, pero a nova data do mesmo, terá que ser comunicada a Competición **antes do luns ás 23:59**. Co fin de que non se teña que tomar unha decisión precipitada, pero tampouco se adiade sine die.

En caso de non chegar a acordo de nova data o luns posterior á fin de semana afectada polo adiamento, será Competición quen propondrá unha nova data para o encontro. Se finalmente o partido non puidese disputarse, considerarase como **non presentado para o equipo que solicitou o adiamento**.

Os equipos so poden solicitar un adiamento de partidos por tempada, salvo autorización expresa de Competición.

Pódense acordar trocos en datas de competición baixo acordo entre os clubs e coa autorización de competición, sempre que non se produzan na mesma semana do partido previsto.

3) Clasificación para o Campionato Ibérico

As competicións que darán dereito ás prazas masculinas e femininas para a disputa do Campionato Ibérico será clasificación da primeira volta para a Liga Galega.

Non sabemos aínda cántas prazas teremos os equipos galegos.



3. Comité de Apelación

Para buscar resolver discrepancias graves entre os equipos e o Comité de Competición trala aplicación de sancións realizadas polo mesmo, na Asemblea do 7 de febreiro de 2022, tamén se acordou a creación dun Comité de Apelación excepcional:

- Únicamente se creará dito comité (e puntualmente) se o clube o solicita formalmente e sempre que existan alegacións ante a sanción en cuestión.
- Conformarano 3 persoas neutrais non implicadas no conflito.

4. Resolución de empates ao final das competicións

Os criterios de desempate entre equipos igualados a puntos ó final da competición, serán da seguinte maneira:

Artigo 3.2.3. Sistema de puntos

1. Nas competicións que se desenvolvan polo sistema de puntos, a clasificación final establecerase con arranxo aos obtidos por cada un dos clubs contendentes, a razón de dous por partido gañado, un por empatado e cero por perdido.

2. Se ao termo do campionato resultase empate entre dous clubs, atenderase por orde aos seguintes criterios de desempate:

- a) Maior número de puntos acadados nos enfrontamentos directos*
- b) Maior diferenza de puntuación (goles e tantos) a favor tendo en conta os enfrontamentos directos*
- c) Celebración dun encontro de desempate en lugar e data determinados polo CGFG (so nos casos en que estivera un título en xogo)***
- d) Maior número de goles marcados nos enfrontamentos directos*
- e) Golaverage Xeral*

3. Se o empate fose entre máis de dous clubs, realizarase unha “competición virtual” entre os equipos implicados, aplicando os mesmos criterios que no punto anterior.



5. Sancións

1) Sistema de Sancións xogador@s

Nesta tempada actualízase o sistema de sancións adaptándose o mesmo ás votacións realizadas en asemblea en relación aos cartóns vermellos.

As sancións articúlase en base a un sistema de puntos de tal forma que se un xogador acadara 3 puntos equivale a 1 partido de sanción.

Cartón Vermello directo: 3 puntos

Cartón vermello non directo (dous amarelos ou amarelo + negra) = 2 puntos

Cartón negro = 1,5 puntos

Cartón amarelo = 1 punto

Ás sancións publícanse sempre no seguinte ligazón:

<https://gaelicogalego.gal/category/sancions/>

2) Criterio de sancións para xogador@s de equipos con posibilidade de simultáneo entre os equipos A e B

O criterio de competición para as sancións nos casos de xogador@s con posibilidade de simultáneo no equipo A e B é o seguinte:

- Un xogador con ficha no B xoga un partido co A e recibe unha tarxeta cumprindo con iso o ciclo de puntos, a sanción aplicarase no seguinte partido do equipo A. Non podendo xogar co equipo B, no mesmo fin de semana que cumpre a sanción.
- Un xogador con ficha no B xoga un partido co B e recibe unha tarxeta cumprindo con iso o ciclo de puntos, a sanción aplicarase no seguinte partido do equipo B. Non podendo xogar co equipo A, no mesmo fin de semana que cumpre a sanción

3) Sancións económicas

As sancións por amonestacións, suspensións e non presentados actualízase da seguinte forma:

- Cartón amarelo: 1€
- Cartón negro: 3€



Circular Competición 25/26

- Cartón vermello e cada partido de suspensión: 5€
- Non presentado a un partido: 50€
- Non subir alienacións ou horarios de partidos a intranet: advertencia e sanción progresiva

6. Normativa relativa aos equipos B

Isto aplícase a todos os torneos federativos oficiais, agás a Copa ou torneos dun só día.

- Os clubs poden crear un equipo B sempre que o equipo A conte con, polo menos, 9 fichas na intranet federativa.
- Un xogador con ficha no equipo A nunca pode xogar un partido co equipo B.
- Un xogador con ficha no equipo A e que xogou, polo menos, un partido co equipo A, non pode ser baixado ao equipo B ata que remate a presente tempada.
- Os xogadores do equipo B (salvo os +40, sub25 e primeira tempada na liga) poden xogar un máximo de 2 partidos co equipo A; ao terceiro partido considéranse, para todos os efectos, xogadores do equipo A e non poderán volver xogar co equipo B.
- Un xogador do B non pode xogar co A e co B no mesmo fin de semana deportivo, entendendo por fin de semana deportivo o período comprendido entre o venres ás 17:00 e o domingo ás 00:00. Exceptuando os seguintes casos:
 1. Xogadorxs menores de 18 anos (considérase menor de 18 anos toda a tempada se a 1 xullo x xogador/x tiña esa condición.
Exemplo: Xogador que ten 17 anos pero cumpre en xaneiro os 18 anos, considérase xogador menor de 18 .
 2. Xogadorxs no seu primer ano como federado en fútbol gaélico.

Xogadores que poden subir do B o A de forma ilimitada

- Os xogadores do B poden subir ao equipo A de forma ilimitada durante a súa primeira tempada en fútbol gaélico.
A este respecto, indícase que:
Considérase que un xogador comeza a súa primeira tempada en fútbol gaélico no momento en que, estando federado, xoga o seu primeiro partido oficial.

(Por exemplo, se un xogador estaba federado na tempada 2024/25 pero resultou lesionado antes de debutar, considérase igualmente xogador de primeiro ano na tempada 2025/26.)

Un xogador que cambia de equipo non ten a consideración de xogador novo.



Circular Competición 25/26

- Os xogadores sub 25 (menores de 25 anos) e máis de 40 que teñan ficha no B poden subir ao equipo A de forma ilimitada.
 - Considérase sub 25 ao xogador que, a data de 1 de xullo, teña esa condición e manteraa ata que remate a tempada.

Exemplo:

Xogador A ten 24 anos a data de 1 de xullo de 2025 pero está de aniversario o 3 de decembro e sub25 toda a tempada.

- Un xogador será considerado como +40 no momento en que cumpra 40 anos.

Consideracións importantes a ter en conta:

Os xogadores novos, sub 25 e +40, para poder beneficiarse da posibilidade de subir, deben ter a súa ficha no equipo B.

O xogador acumula puntos por tarxetas con independencia de se estas proveñen de partidos do A ou do B.